



NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

IES DO MILLADOIRO

(Actualizadas en reunión de claustro o 28/06/2024)

ANEXO I: PLAN DE ACOLLIDA

ANEXO II: PROTOCOLO DE RECEPCIÓN AO ALUMNADO CO CURSO INICIADO

ANEXO III: PROTOCOLO PARA A REGULACIÓN DAS GARDAS, CONTROL DE ENTRADAS E SAÍDAS E USO XERAL DE ESPAZOS

ANEXO IV: PROTOCOLO DE APERTURA, PECHE E CONTROL DAS AULAS

ANEXO V: RECOLLIDA DE ALUMNADO DO CENTRO

ANEXO VI: PROTOCOLO DE XESTIÓN DAS FALTAS DE ASISTENCIA E PUNTUALIDADE DO ALUMNADO

ANEXO VII: PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE COPIA DE INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN

ANEXO VIII: REGULACIÓN DO DEREITO DE REUNIÓN E DAS AUSENCIAS COLECTIVAS CONVOCADAS POLO ALUMNADO

ANEXO IX: PROTOCOLO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES COMPLEMENTARIAS/FESTIVAIS/ CONMEMORACIÓN

ANEXO X: GUIÓN DE ACTUACIÓN ANTE RECLAMACIÓN

ANEXO XI: PROTOCOLO DE ATENCIÓN MÉDICA NON URXENTE, URXENCIA SANITARIA OU ENFERMIDADE CRÓNICA

ANEXO XII: GUIÓN DE ACTUACIÓN EN CASO DE CONSTANCIA DE PROXENITORES SEPARADOS OU DIVORCIADOS

ANEXO XIII: NORMAS DA AULA DE INFORMÁTICA

ANEXO XIV: NORMAS DA BIBLIOTECA

ANEXO XV: NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE FOTOCOPIAS/ USO DE IMPRESORAS

I. O CENTRO

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O IES do Milladoiro é un centro situado no maior núcleo urbano do Concello de Ames, O Milladoiro, a escasos 3 Km. de Santiago de Compostela. O centro creouse no 2013 impartindo estudos da ESO e Bacharelato. O alumnado non deixou de aumentar durante estes anos como reflexo do aumento poboacional da localidade, contando no curso 2020-21 con 16 unidades de ESO, 2 unidades de bacharelato de Ciencias e 1 de Ciencias Sociais e Humanidades.

O nivel sociocultural das familias do noso alumnado é extremadamente variado. A porcentaxe de alumnado procedente do estranxeiro é do 10% aproximadamente, cunha gran variedade de nacionalidades. Aínda que non ofrece dificultades de integración, a maior dificultade preséntase co alumnado que non coñece ningunha das dúas linguas oficiais. O noso centro caracterízase por recibir, xa iniciado o curso escolar, alumnado de diversos países, chegando nalgúns casos a incorporarse incluso durante a 3ª avaliación.

O alumnado acode ao centro a pé na súa maioría, contando tan só cunha liña de transporte.

2. PRINCIPIOS E FINS EDUCATIVOS

Este documento, no que se recollen as Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF), pretende asentarse as bases para unha boa convivencia, baseándose na normativa común ditada polas Administracións e complementándoa coas regulacións necesarias para responder á realidade cotiá do noso centro.

Toda a comunidade educativa está obrigada a coñecer este regulamento e está afectada polo mesmo. O seu descoñecemento non exime do seu cumprimento.

Os principios educativos que fundamentan a actividade pedagóxica do IES do Milladoiro son:

- A. A transmisión dos valores que favorecen a liberdade persoal: a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia e a igualdade.
- B. O respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.
- C. A participación da comunidade educativa na boa convivencia e na vida cultural do centro.
- D. O principio do esforzo compartido que deben realizar o alumnado, as familias, o profesorado, os centros, as administracións, as institucións e a sociedade no seu conxunto como requisito necesario para asegurar unha educación de calidade con equidade.

II. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

1. ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE	
ÓRGANOS UNIPERSOAIS	Dirección. Competencias reguladas polo artigo 20º do Regulamento Orgánico dos I. E. S. (D. 324/1996).
	Secretaría. Competencias reguladas polo artigo 32º do Regulamento Orgánico dos I. E. S. (D. 324/1996).
	Vicedirección. Competencias reguladas polo artigo 28º do Regulamento Orgánico dos I. E. S. (D. 324/1996).
	Xefatura de Estudos. Competencias reguladas polo artigo 31º do Regulamento Orgánico dos I. E. S. (D. 324/1996).
ÓRGANOS COLEXIADOS	Claustro de profesores. Composición: Está integrado pola totalidade dos profesores e profesoras que prestan servizo no Centro e está presidido polo Director/a do Centro. Competencias: As atribuídas no artigo 47 do Regulamento Orgánico dos I.E.S (D. 324/1996)
	Consello Escolar. É o órgano no que participan os distintos membros da comunidade escolar para regular a xestión do Centro. Ten a composición e competencias reseñadas nos art. 37, 38 e 44 do Regulamento Orgánico dos I.E.S (D. 324/1996) Composición: Membros Non Electos: director/a, que será o seu presidente/a; secretario/a con voz pero sen voto, que será a/o do centro; xefe/a de estudos; un pai/nai proposto pola asociación de nais e pais. Membros Electos: 2 representantes dos pais/nais, 4 representantes do alumnado, 7 representantes do profesorado, 1 representante de administración e servizos e 1 representante municipal proposto polo Concello.

ÓRGANOS COORDINACIÓN DOCENTE	DE	<p>Departamento de Orientación. Composición (Decreto 120/1998, do 23 de abril e na Orde do 24 de xullo de 1998): -Xefe/a de departamento. -Os profesores ou profesoras de Pedagogía Terapéutica e, se é o caso, de Audición e Linguaxe, que exercen función de apoio e atención do alumnado con necesidades educativas especiais, destinados no Centro. -Un Titor/a do ámbitos Socio-Lingüístico e outro Titor/a do Científico-Tecnolóxico. Competencias: As atribuídas polo Decreto 120/98, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia. No artigo 6º establécense as funcións dos Departamentos de Orientación dos centros de Secundaria.</p>
		<p>Departamentos didácticos: Composición: Estarán formados por todos os profesores e profesoras que impartan o ensino propio das áreas, materias ou módulos profesionais asignados ao departamento. A Xefatura do Departamento terá as competencias recollidas no artigo 75 do Regulamento Orgánico dos I.E.S (D. 324/1996) Competencias: As recollidas no Artigo 73 do mencionado Regulamento.</p>
		<p>Comisión de Coordinación Pedagóxica é o órgano encargado de establecer os criterios para a elaboración das programacións didácticas, plans de acción titorial e de orientación educativa e profesional, asegurando a súa coherencia co PEC e as establecidas no art. 77 do Decreto 324/1996.</p>
		<p>Departamento de actividades complementarias e extraescolares Composición: Este departamento estará integrado polo Xefe/a de Actividades Extraescolares (Vicedirector/a) e, para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable da mesma (art. 66 do R.D. 324/1996). Competencias: As reseñadas no art. 66 do D 324/1996.</p>
		<p>Xuntas de profesorado de grupo.</p>

<p>OUTROS ÓRGANOS</p>	<p>Comisión de Convivencia DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.</p>
<p>EQUIPOS DE TRABALLO</p>	<p>Equipo de dinamización lingüística Composición: 3 representantes do profesorado por proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica, 3 representantes do alumnado por proposta da Xunta de Delegados, 1 representante do persoal non docente por proposta dos mesmos. A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor ou profesora do mesmo, preferentemente con destino definitivo e a proposta dos compoñentes do equipo, e desempeñará as súas funcións durante catro anos. Competencias: As reseñadas no artigo 83 do Regulamento Orgánico dos I.E.S (D. 324/1996)</p> <p>Equipo de Biblioteca Composición: Estará formado por profesorado do centro dos distintos ciclos, etapas ou departamentos existentes no centro para garantir o seu carácter interdisciplinar. A persoa responsable da biblioteca integrarase na CCP.</p> <p>Comité da Igualdade Constituído no marco do Plan de Igualdade do IES do Milladoiro (http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Plan_Igualdade.pdf)</p> <p>Equipo para o TIL</p>

2. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN, REPRESENTACIÓN E COLABORACIÓN SOCIAL (artigos 107-115 do Decreto 324/1996)

Os órganos de representación do alumnado nun centro educativo son: os/as Delegados/as e Subdelegados/as de cada grupo e curso, a Xunta de delegados/as, os representantes do alumnado no Consello Escolar e as Asociacións de Alumnos e Alumnas.

2.1 ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

2.1.1 REPRESENTACIÓN DO ALUMNADO NO CONSELLO ESCOLAR (Decreto 324/96, capítulo III, artigo 37) O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da Comunidade Escolar. O alumnado conta con tres representantes no Consello Escolar.

2.1.2 DELEGADOS/AS E SUBDELEGADOS/AS. O cargo de Delegado/a e Subdelegado/a terán unha vixencia de un curso académico. As normas para a elección dos/as representantes de grupo serán subministradas pola Xefatura de Estudos aos/ás titores/as de cada grupo a comezo de cada curso escolar.

2.1.3 XUNTA DE DELEGADOS/AS (Decreto 324/1996, título V, artigos 107-108) Nos Institutos de Educación Secundaria existirá unha Xunta de Delegados integrada polos representantes dos alumnos e alumnas dos distintos grupos e polos representantes dos Alumnos/as no Consello Escolar.

2.2 ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN DAS NAIS E PAIS (Decreto

324/1996, título VII, artigo 120) Os órganos de representación e participación das nais e pais nun centro educativo son os representantes no Consello Escolar e nas Comisións constituídas no seu seo, as Asociacións de Nais e Pais do alumnado (ANPAS) e a Escola de Nais e Pais. Os pais e nais, e os alumnos e as alumnas, poderán participar tamén no funcionamento dos centros a través das súas asociacións. As Administracións educativas favorecerán a información e a formación dirixida a eles (LOE consolidada con LOMCE, art. 119.4)

2.2.1 REPRESENTACIÓN DAS NAIS E PAIS NO CONSELLO ESCOLAR (Decreto

324/1996, título II, capítulo III, artigo 37, e) O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da Comunidade Escolar. As nais e pais contan con catro representantes no Consello Escolar, un deles escollido pola ANPA.

2.2.2 COMPETENCIAS DAS ASOCIACIÓNS DE ALUMNADO E ASOCIACIÓNS

DE NAIS E PAIS (Decreto 324/1996, título VII, artigo 120) 1. Nos Institutos de Educación Secundaria poderán existir, de acordo coa lexislación vixente, as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e as Asociacións de Alumnado. Estas asociacións poderán:

- a) Elevar propostas ao Consello Escolar para a elaboración do Proxecto Educativo e ao Equipo Directivo para a elaboración da Programación Xeral Anual.
- b) Informar ao Consello Escolar daqueles aspectos da marcha do instituto que consideren oportuno.
- c) Informar aos asociados da súa actividade.

- d) Recibir información, a través dos seus representantes no Consello Escolar, sobre os temas tratados nel.
- e) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
- f) Elaborar propostas de modificación das Normas de Organización e Funcionamento (NOF)
- g) Formular propostas ao profesorado para a realización de actividades complementarias que, unha vez aceptadas, deberán figurar na Programación Xeral Anual.
- h) Coñecer os resultados académicos referidos ao centro e a valoración que deles realice o Consello Escolar.
- i) Recibir un exemplar da Programación Xeral Anual, do Proxecto Educativo, dos Proxectos Curriculares de Etapa e das súas modificacións.
- j) Recibir información sobre os libros de texto e os materiais didácticos adoptados polo centro.
- k) Fomentar a colaboración entre todos os membros da Comunidade Educativa.
- l) Facer uso das instalacións do centro nos termos que estableza o Consello Escolar e a lexislación vixente.

2.2.3 CANLE DE PARTICIPACIÓN DAS NAIS E PAIS NA VIDA ESCOLAR DO CENTRO

As normas sobre participación directa das familias no proceso educativo oriéntanse aos seguintes fins:

- por grupos e co/a respectivo/a titor/a tanto na ESO coma no Bacharelato.
- b) Manteranse reunións informativas coas familias e o alumnado participante por mor dunha saída educativa de varios días de duración.
 - c) Coidarase de que as horas de atención por parte dos titores/as ás nais e pais ou responsabeis legais sexan razoablemente compatibeis coas obrigas laborais e familiares destes, respectando sempre o horario laboral do/a titor/a e tendo presente as horas de permanencia no centro do/a docente.
 - d) Garantirase, igualmente, a dispoñibilidade dos membros dos Equipos Directivos dos centros docentes para a atención ás nais e pais ou titores/as dos alumnos.
 - e) O horario semanal individual do profesorado, teñan ou non a condición de titores/as, incluírá unha hora para a atención ás nais e pais ou responsabeis legais do alumnado.
 - f) As entrevistas dos pais/nais co/a titor/a desenvolveranse habitualmente nas salas habilitadas polo centro a tal efecto.
 - g) Débesea través do/a titor/a as reunións co profesorado das diferentes áreas.

2.2.5 ESCOLA DE NAIS E PAIS (Lei 4/2011, de 30 de xuño, de Convivencia, disposición adicional sétima) A Administración educativa impulsará nos centros educativos a creación de escolas de nais e pais, contando cos recursos humanos dos Departamentos de Orientación e dos Centros de Formación, para fomentar a participación das familias no proceso educativo e mellorar a convivencia. A Vicedirección, coa caboración do Departamento de Orientación, poderá organizar, dentro das súas posibilidades, charlas formativas de interese educativo para as nais e pais do alumnado do centro.

3. ÓRGANIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E REPARTO DE RESPONSABILIDADES

3.1.CANLES DE PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA		
SECTOR	CANLE	RESPONSABILIDADE
PROFESORADO	CLAUSTRO	As atribuídas no artigo 47 do Regulamento Orgánico dos I.E.S (D. 324/1996)
	DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS	As recollidas no artigo 73 do mencionado Regulamento.
	DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	As atribuídas polo Decreto 120/98, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia. No artigo 6º establécense as funcións dos Departamentos de Orientación dos centros de Secundaria.
	EQUIPO DOCENTE DE GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> ● Proporcionar a/o titor/a información sobre o grupo. ● Unificar orientacións metodolóxicas. ● Adaptar as decisións, estratexias, e instrumentos de avaliación fixados polos Departamentos Didácticos ás peculiaridades do grupo.
	TITORÍA	<ul style="list-style-type: none"> ● Transmite ao alumnado a información que lles afecta. ● Recolle as inquedanzas do

ALUMNADO		alumnado e propicia a súa participación na vida do centro
	CONSELLO ESCOLAR	As reseñadas nos art. 37, 38 e 44 do Regulamento Orgánico dos I.E.S (D. 324/1996)
	REUNIÓNS DE GRUPO	Abordar problemas particulares do grupo e presentar e debater propostas para levar ao Consello Escolar.
	DELEGADO/A SUBDELEGADO/A	<ul style="list-style-type: none"> ● Asistir ás reunións da xunta de delegados e participar activamente. ● Expoñer ás autoridades académicas as suxestións do grupo. ● Fomentar a convivencia entre os compañeiros e colaborar no bo funcionamento e coidado do material.
	XUNTA DE DELEGADOS/AS	(Decreto 324/1996, título V, artigo 112)
NAIS, PAIS, RESPONSABLES OU TITORES LEGAIS	CONSELLO ESCOLAR	Os tres representantes teñen voz e voto no Consello Escolar.
	REUNIÓN DE NAIS/PAIS DE GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> ● Asistir a reunións co/a titor/a para recibir información dos detalles organizativos, horarios, materiais que deben adquirirse, consultas, etc. ● Asistir a reunións co profesorado para recibir información de actividades extraescolares de varios días, de programas de intercambio ou outras actividades que requiran dunha información específica. ● Colaborar co Equipo Docente cando a ocasión así o requiera.

		<ul style="list-style-type: none"> ● Participar nas charlas informativas organizadas polo Departamento de Orientación.
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> ● Manter contactos periódicos cos representantes das nais e pais no CE. ● Elevar propostas ao/á Director/a para seren tratadas no CE. ● Colaborar na organización das AA.EE lúdicas e culturais con obradoiros, conferencias, reunións sociais, actuacións teatrais e musicais, saídas educativas, etc.
	ESCOLA DE NAIS/PAIS	<p>Recibir formación específica como nais e pais nun programa de conferencias interactivas con expertos sobre diferentes aspectos curriculares e educativos.</p>
	CONSELLO ESCOLAR	<ul style="list-style-type: none"> ● Elixir un dos representante dos pais/nais no Consello Escolar. ● Participar nas diferentes Comisións existentes no seo do Consello Escolar. ● Participar no Consello Escolar Municipal.

3.2. CANLE DE PROPOSTAS AO CONSELLO ESCOLAR

Todos os membros da Comunidade Educativa poden facer propostas ao Consello Escolar a través dos seus representantes:

- a. Representantes do alumnado no Consello Escolar.
- b. Representante da Xunta de Delegados/as.
- c. Representante das nais e pais e da ANPA.
- d. Representantes do Profesorado.
- e. Representante dos PAS.
- f. Representante do Concello.

As propostas deberán remitirse á Dirección por correo corporativo antes de cada convocatoria de Consello Escolar para poder incluílas na orde do día. Tamén se poderán entregar por escrito no centro con data e sinatura.

3.3. ATENCIÓN A NAIS/PAIS. ABSENTISMO ESCOLAR

A atención ás nais, pais ou titores legais do alumnado levarase a cabo segundo as seguintes pautas de actuación:

1. Asignación de unha hora de atención semanal a todo o profesorado, comprendendo titores e non titores. O profesorado poderá acordar coas nais, cos pais ou titores/as legais do alumnado outros periodos para a súa atención fóra do seu horario lectivo, sempre por decisión propia e dentro do horario de apertura do centro.
2. As solicitudes de entrevistas realizaranse por medio de ABALAR preferentemente, ou a través do propio alumnado, cando non sexa posible a primeira vía.
3. As nais, pais, titores e representantes legais poderán solicitar atención do Departamento de Orientación para as consultas propias deste departamento.
4. Para as situacións educativas específicas que puntualmente poidan sobrepasar atribucións dos titores, as nais, pais ou titores legais de alumnado poderán solicitar entrevista coa Xefatura de Estudos e a Dirección.
5. O artigo 47.2 da Lei 3/1997, de 9 de xuño, reguladora da protección xurídica, económica e social da familia, infancia e adolescencia, responsabiliza ás familias, titores ou gardadores legais do posible absentismo escolar e cualifica como infracción grave o feito de "non procurar ou impedir a asistencia dun neno ou dunha nena ou dun adolescente ou dunha

adolescente en período de escolarización obrigatoria a un centro escolar e sen causa que o xustifique, cando lles sexa imputable aos pais, titores ou gardadores". Cando no centro se detecte un caso de ausencia reiterada e inxustificada de alumnado aplicarase o Protocolo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia.

III. NORMAS DE CONVIVENCIA

1. NORMAS, DEREITOS E DEBERES

Un centro educativo coma o IES do Milladoiro é unha organización complexa formada por unha comunidade escolar na que conviven distintos estamentos. O alumnado é un deses estamentos. A súa presenza é o que dá sentido á existencia do centro, constituíndose no verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pero existen tamén outros colectivos que configuran o conxunto: pais e nais, persoal non docente, profesorado... A convivencia entre as partes ten que estar baseada no respecto aos principios democráticos de convivencia e nos dereitos e liberdades fundamentais.

A función prioritaria do establecemento e coñecemento das normas de convivencia e disciplina é a de informar e educar sobre actitudes e formas de conduta que favorezan a convivencia e, por tanto, preveñan as dificultades de conduta e os conflitos. Ao mesmo tempo, cumpren unha función reguladora e normativa, intentando clarificar ao máximo os instrumentos e os procesos máis adecuados para solucionar satisfactoriamente os posibles problemas.

1.1. MARCO NORMATIVO:

- a. Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/7/2011).

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

- a. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b. Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d. Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

1.3. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a. A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c. Á protección integral contra toda agresión física ou moral e, en particular, contra as situacións de acoso escolar.
- d. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei de Convivencia ("Participación directa das familias e dos

restantes membros da comunidade educativa no ensino e no proceso educativo“).

e. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b. Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c. Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

1.4. DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei de Convivencia ("Participación directa das familias e dos restantes membros da comunidade educativa no ensino e no proceso educativo").
- g. A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

1.6. NORMAS DE CONVIVENCIA PARA O ALUMNADO

- a. É imprescindible ser absolutamente correcto/a e respectuoso/a cos compañeiros/as, profesorado e persoal non docente.
- b. Débese asistir a todas clases con puntualidade. No inicio da xornada, poderase acceder ás aulas co toque do 1º timbre; cando toque o 2º timbre todo o alumnado estará na aula en disposición de dar inicio á actividade lectiva. Tras o(s) recreo(s) tocará un primeiro timbre 2 minutos antes da súa finalización que indicará que o alumnado debe regresar ás aulas para continuar coa xornada lectiva; cando toque o 2º timbre todo o alumnado estará na aula en disposición de retomar a actividade académica.
- c. Só se poderá comer ou beber (agás auga) na cafetería, nos patios exteriores ou no corredor xeral da planta superior (na zona aberta de enfronte á conserxería) ou da intermedia. O momento para facelo serán os recreos. Por tanto, non se poderá acceder á cafetería entre clases nin portar comida nin bebida en calquera outra zona do edificio en ningún momento da xornada lectiva.
- d. d. O uso de teléfonos móbiles ou aparellos electrónicos (tipo mp3, tabletas, etc.) non está permitido durante os periodos lectivos agás para uso didáctico permitido polo profesorado. Se un alumno/a é sorprendido con eles acendidos ou usándoos, deberá apagalos inmediatamente e se lle aplicará unha corrección por conduta contraria á convivencia. (DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.)
- e. Deberase manter unha hixiene axeitada e facer un bo uso do material e das instalacións do centro.

xornada deberá subir ao transporte inmediatamente despois de saír do recinto.

p. É obrigatorio participar nas actividades complementarias do centro, ademais de cumprir e respectar os seus horarios.

q. Segundo a lexislación actual, non está permitido fumar nin no interior do recinto, nin nas zonas de entrada ao recinto nin nas beirarrúas circundantes do recinto. Por tanto, non pode haber persoas fumando nestas zonas indicadas.

Condutas leves contrarias á convivencia

a. As accións, xestos ou palabras que alteren levemente o desenvolvemento normal das clases e das actividades do centro.

b. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

c. Ter acendido os teléfonos móbiles ou calquera tipo de aparello electrónico (agás para uso didáctico coordinado polo profesorado).

d. Comer ou beber nos períodos ou nas zonas non permitidas do centro (segundo o establecido no punto 7.c precedente) ou ensuciar o centro.

e. As faltas de asistencia ou de puntualidade inxustificadas.

f. Non facer chegar á nai, pai, titor/a calquera comunicación do persoal do centro.

- g. A deterioración leve das instalacións ou materiais do centro e a alteración leve da estética do instituto (incluídas as pintadas, o pegado de carteis, etc., fóra dos lugares destinados a tal fin).
- h. Saír da aula ao corredor entre clases ou abandonar inxustificadamente a aula durante as horas lectivas.
- i. Non comparecer diante das autoridades educativas cando se sexa requirido/a.
- l. Incumprir as funcións encomendadas por cargo.
- m. Entrar inxustificadamente os homes nos servizos das mulleres e as mulleres nos servizos dos homes.
- n. Permanecer de forma inxustificada en zonas ou lugares do centro non autorizados ou entrar e saír del por accesos non permitidos.
- ñ. Non asistir en grupo ás clases sen causa xustificada.
- o. Visitar páxinas non autorizadas en internet ou facer un mal uso da rede ou dos equipos informáticos.
- p. Facer caso omiso das indicacións dadas polo persoal do centro, e especialmente polo profesorado.
- q. Acceder aos espazos lectivos con calquera tipo de obxecto ou material non autorizado, ou en todo caso que non teña un uso ou finalidade exclusivamente académica.
- r. Facer comentarios despectivos ou ofensivos.

Condutas graves contrarias á convivencia

- a. As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

- b. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d. A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa. Neste senso inclúese calquera tipo de gravación ou toma de son ou de imaxes en calquera zona do instituto, e especialmente nas aulas, sen contar coa preceptiva autorización.
- e. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011 de Convivencia (DOG 15/7/2011).
- f. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

- i. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- l. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os devanditos obxectos cando se é requirido para iso polo persoal do centro.
- m. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- n. O incumprimento das sancións impostas.
- ñ. Fumar, beber, estar baixo a influencia de drogas ou de alcohol, estar en posesión de drogas ou substancias estupefacientes, ou comercializalas no recinto do centro ou nas súas inmediacións.
- o. A negativa reiterada e indisciplinada a entregar calquera obxecto non autorizado e que sexa requirido polo persoal do centro.
- p. Abandonar o recinto escolar, ou a aula en presenza do profesor/a, sen autorización.

Corrección de condutas leves contrarias á convivencia

CORRECCIÓN	PERSONA QUE A APLICA
Amoestación privada ou por escrito (segundo o modelo de impreso establecido).	<ul style="list-style-type: none"> • O profesorado, oído o/a estudante e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos. • O titor/a, oído o/a estudante e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos.

	<ul style="list-style-type: none"> • A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a dirección do centro, oídos alumno/a e profesor/a ou titor/a.
<ul style="list-style-type: none"> • Comparecencia na aula de atención educativa (segundo o modelo de impreso establecido). • Comparecencia inmediata na xefatura de estudos (ou ante o cargo directivo que estea de garda). 	<ul style="list-style-type: none"> • O profesorado, oído o/a estudante e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos. • O titor/a, oído o/a estudante e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos.
<ul style="list-style-type: none"> • Realización de traballos específicos en horario lectivo. Por exemplo: traballos que promovan a reflexión sobre a conduta mantida; traballos de coidado, limpeza ou mantemento dos espazos e do contorno, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • O profesorado, oído o/a estudante e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos. • O titor/a, oído o/a estudante e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos. • A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a dirección do centro, oídos alumno/a e profesor/a ou titor/a.
<ul style="list-style-type: none"> • Realización, en horario non lectivo, de tarefas ou actividades que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro ou á reflexión persoal sobre a actitude mantida. 	<ul style="list-style-type: none"> • O titor/a, oído o/a estudante e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos. • A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a dirección do centro, oídos alumno/a e profesor/a ou titor/a.
<ul style="list-style-type: none"> • Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. • Suspensión do dereito a participar nunha actividade extraescolar ou com plementaria concreta. • Cambio de grupo por un período de ata unha semana. 	<ul style="list-style-type: none"> • A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a dirección do centro, oídos alumno/a e profesor/a ou titor/a.

<ul style="list-style-type: none"> • Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. • Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. 	<ul style="list-style-type: none"> • A persoa titular da dirección do centro, oídos o alumno/a e o profesor/a ou titor/a. No caso de alumnado menor de idade a imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai/pai antes de que estas se fagan efectivas.
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Corrección de condutas graves contrarias á convivencia

As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario.

CORRECCIÓN	PERSONA/ÓRGANO QUE A APLICA
------------	-----------------------------

<ul style="list-style-type: none"> • Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro ou á reflexión persoal sobre a actitude mantida. • Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes. • Cambio de grupo. • Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. • Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. 	<ul style="list-style-type: none"> • A persoa titular da dirección do centro, oídos o alumno/a e o profesor/a ou titor/a. No caso de alumnado menor de idade a imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai/pai antes de que estas se fagan efectivas.
<ul style="list-style-type: none"> • Cambio de centro. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comisión de convivencia ou Consello Escolar.

2. PROTOCOLO DE XESTIÓN DA CONVIVENCIA

Cando xorde un conflito ou incidencia na aula ou noutros espazos do centro débense aplicar mecanismos para que se poida solucionar polos propios implicados/as e o persoal do centro presente, no momento e no lugar no que se

producen. Nos casos en que este tipo de incidencias sexan reincidentes ou que tal incidencia se considere unha falta importante, actuarase seguindo o protocolo que se detalla a continuación.

2.1 PROCEDEMENTO:

- Cando a actitude dun alumno/a perturbe de maneira reincidente o normal desenvolvemento dalgunha das actividades do centro, o profesor/a testemuña pode amoestalo cun apercibimento de conduta contraria ás normas de convivencia do centro e envialo á aula de atención educativa.
- Cando un alumno/a sexa enviado á aula de atención educativa deberáselle indicar tarefa para realizar durante a súa estancia nela.
- Ningún alumno/a pode ser enviado á aula de atención educativa sen ir acompañado do parte de incidencia debidamente cuberto, no cal o profesor/a indicará claramente a causa que o motivou e as tarefas que o alumno/a deberá realizar.
- O alumno/a dirixirase, acompañado/a do delegado/a ou doutro compañeiro/a, á sala do profesorado en procura dun profesor/a de garda. En caso de que non haxa profesorado de garda dispoñible localizarase o membro do equipo directivo de garda para que atenda o alumno/a.
- O profesor/a que recibe o alumno/a completará o parte, de xeito que quede nel constancia expresa de que o alumno/a queda atendido por un profesor/a responsable. O alumno/a acompañante volverá á aula co parte completado e devolverallo ao profesor/a da materia.
- En ningún caso poderá haber alumnado só na aula de atención educativa polo que, de non atoparse profesor/a responsable, o alumno/a amoestado deberá regresar á aula xunto co seu acompañante. Nese suposto, o profesor/a que expulsou o alumno/a fará igualmente entrega do parte ó final da sesión/xornada.

- O profesor/a de garda encargarse de supervisar o alumno/a e de controlar que realice o traballo indicado polo profesor/a da materia. Cando toque o timbre de fin da sesión o alumno/a volverá incorporarse á aula de forma ordinaria.
- O profesor/a que expulsou o alumno/a debe entregar o apercibimento en xefatura de estudos ou ben depositalo na bandexa da sala do profesorado destinada a tal fin.
- Ademais, o profesor/a será o encargado de comunicar no mesmo día a expulsión á familia (ou ao titor/a legal) do alumno/a, a través de chamada telefónica (indicando día e hora na parte correspondente do parte) ou de notificación escrita que o alumno/a deberá devolver asinada polo pai/nai en canto volva ter clase co profesor/a implicado/a.
- É responsabilidade do profesor/a da materia comunicar a incidencia á familia, polo que no caso de elixir a notificación escrita deberá asegurarse de recuperala asinada e de entregala en xefatura de estudos ou deixala na bandexa da sala do profesorado destinada a tal fin.
- A xefatura de estudos encargarse de informar o profesor titor/a, que recibirá no armario da súa titoría unha copia dos partes impostos ao alumnado da súa titoría. Tamén se ocupará de notificar ás familias as medidas correctoras que se aplicarán.

2.2. APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS

- Cando un alumno/a reciba un apercibimento e sexa expulsado da aula, será privado do traballo co resto do grupo e deberá realizar as tarefas indicadas na aula de atención educativa baixo a supervisión do profesorado de garda. Dependendo da natureza da conduta que ocasionou a expulsión poderán aplicarse outras correccións.
- A acumulación de **3 partes de incidencia** debidos a faltas leves suporá a suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata

tres días lectivos, conforme o establecido no Artigo 43.h) do Decreto 8/2015. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. A persoa responsable de aplicar a medida será a titular da dirección do centro, unha vez informada desta acumulación pola persoa titora ou a titular da Xefatura de Estudos. Así mesmo, conforme establece o Artigo 43.e) do Decreto 8/2015, levará aparellada a suspensión no dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

- A acumulación de **5 partes de incidencia** debidos a faltas leves suporá unha falta grave consonte o previsto no Artigo 38.k) do Decreto 8/2015, e, polo tanto, a incoación do procedemento corrector correspondente segundo o Capítulo IV do Decreto 8/2015.
- Pola comisión de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia o Director/a poderá proceder directamente á apertura dun expediente disciplinario.

3. NORMAS DO ALUMNADO TRANSPORTADO

Todo o alumnado usuario de transporte escolar que nun determinado día non regrese, á saída das clases, no autobús, deberá indicarlle esa circunstancia ó profesor/a de garda de transporte, entregándolle unha xustificación escrita asinada polo seu pai/nai, según modelo existente no centro: (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Alumn.%20transp.pdf>)

Ademais, para evitar esperas innecesarias, informará ó condutor, no autobús, no momento da saída, desa circunstancia.

4. NORMAS DE USO DAS REDES SOCIAIS

v. SEGUIMIENTO DAS NOF E DIFUSIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA.

1. As NOF quedarán publicadas na páxina web do centro, xunto co resto de documentación do centro. Tamén haberá unha copia na Secretaría a disposición da comunidade educativa.
2. Entregaranse exemplares aos/ás representantes do profesorado, persoal non docente, alumnado e pais/nais e titores/as legais do alumnado.
3. As NOF revisaranse no último trimestre de cada curso, presentando emendas ao documento. Calquera sector da Comunidade Educativa poderá propoñer a modificación destas normas, previa reunión na que se tomará un acordo seguindo as normas establecidas de aprobación para cada órgano colexiado. O texto da emenda, no que se fará constar o nome dos/as autores/as, entregárase ao/á Director/a como Presidente/a do Consello Escolar, que enviará unha copia por correo electrónico a todos/as os/as membros do Consello Escolar. O Consello Escolar, tras votación, aprobará se procede as emendas. As modificacións incluíranse deixando constancia da nova edición de Normas de Funcionamento do Centro e producirán efecto desde o día seguinte ao da súa aprobación.

VI. ANEXOS. PLANS E PROTOCOLOS DO CENTRO